



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005810
Referencia: BINV-SX/2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023 – ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ESTUDOS DE XÉNERO

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 30538, do 3 de agosto de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2023, na área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentouse a seguinte desistencia:

* Carla da Silva Castro

Detectouse que por erro na concesión provisional das bolsas de investigación non figura a puntuación de **Andrés González Rodríguez**. A desagregación da puntuación é a seguinte:

Proxecto de investigación	Currículum vitae	Expediente académico	Total
4,6	0,75	1,87	7,22

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a desistencia da solicitude presentada por Carla da Silva Castro.

Segundo.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: DEL RÍO FRANQUEIRA, DANIEL

NIF: ***8027**

Expediente: 2023000020576

Obxecto da bolsa: COVID 19 e cambios na dinámica demográfica dos municipios da Coruña. Oasis no deserto demográfico ou simple espellismo

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: CAJADE PASCUAL, DANIEL

NIF: ***6205**

Expediente: 2023000020289

Obxecto da bolsa: *A costa coruñesa durante o Holoceno: subida do nivel do mar e adaptación aos cambios ambientais*

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: REY VIZOSO, FRANCISCO JOSE

NIF: ***8297**

Expediente: 2023000020622

Obxecto da bolsa: *A percepción social da transición enerxética: o caso de As Pontes-un modelo de aprendizaxe social*

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, ANDRÉS

NIF: ***9196**

Expediente: 2023000020655

Obxecto da bolsa: *O impacto das cotas pesqueiras: unha análise dende a matriz contabilidade social*

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: BARREIRO MARIÑO, MANUEL

NIF: ***3875**

Expediente: 2023000020644

Obxecto da bolsa: *O enfoque interseccional nos museos de antropoloxía: o Museo do Pobo Galego como estudo de caso*

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Terceiro.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo a aplicación 0612/3262/481, fase A, operación número 220230007622, por importe de 50.000 €

Cuarto.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.